

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA
(INEGA) E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA O DESENVOLVEMENTO DO
PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA MAQUINARIA DA MINICENTRAL
HIDROELÉCTRICA DO RÍO TRONCEDA**

En Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D. [REDACTED], en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Pola outra parte [REDACTED], actuando en nome e representación do Concello de Mondoñedo, na súa calidade de alcalde-presidente do Concello, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997 do 22 de xuño da Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar e adoptar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras

Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo. Que o Concello de Mondoñedo está interesado en promover o aforro e a eficiencia enerxética no seu ámbito de actuación, concretamente mediante a musealización, para centro de interpretación, da antiga minicentral hidroeléctrica do río Tronceda, restaurando con este proxecto a súa maquinaria.

A Minicentral Hidroeléctrica de Tronceda, ubicada na parroquia de Os Remedios en Mondoñedo, Concello de Mondoñedo, data de 1906. Empregaba as augas do río Tronceda e un salto de 203 metros a partir dun azud de dous metros. A central na actualidade atópase nunha situación de abandono.

Faise necesaria a posta en valor do aproveitamento hidráulico de A Fervenza debido ó interese social e económico que supón para a zona, convertendo esta instalación industrial de principios do século pasado nun atractivo turístico mais da zona e polo tanto de todos os veciños do concello de Mondoñedo e os seus visitantes.

Terceiro.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, enmárcase no interese público, social e económico e atende as características e a singularidade do proxecto que se pretende executar, a posta en valor e aproveitamento hidráulico da minicentral.

De acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade do seu obxecto e pola especificidade das características que deben cumprir as entidades colaboradoras, o que dificulta a súa convocatoria pública.

En virtude do exposto e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio conforme coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre o Inega e o Concello de Mondoñedo, para levar a cabo o proxecto de recuperación da maquinaria da minicentral hidroeléctrica do río Tronceda.

Os traballos a realizar son a restauración e recuperación da maquinaria orixinalmente existente na antiga minicentral hidroeléctrica (recuperación eléctrica e recuperación mecánica), ademais da adquisición de maquinaria e equipos iguais os orixinais ou traslado doutra maquinaria a esta minicentral, fabricación de cadros eléctricos, iguais aos

orixinais e ambientación con elementos da época, deixándoa totalmente instalada e posta en funcionamento para demostracións, como museo etnográfico/centro de interpretación.. Durante a vixencia do convenio desenvolveranse un conxunto de actuacións cuxo alcance e orzamento se definen no anexo I.

Segunda. Achegas das partes

O desenvolvemento das infraestruturas definido neste convenio ten un custo total de 28.000 euros, dos cales 28.000 euros serán achegados por parte do Inega con cargo á partida 09.A2.733A.760.9 do estado de gastos dos orzamentos da entidade para o ano 2020 e 2021.

Para a consecución dos fins que se expoñen no presente convenio imputaranse os orzamentos de Inega 5.000 € no ano 2020 e 23.000€ no ano 2021.

Terceira. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coas previsións de orzamentos recollidos na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2020. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación e execución da mesma.

O importe correspondente ó IVE so poderá ser imputado ó convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.

Cuarta.- Compromisos do Concello de Mondoñedo

1. Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio e o cumprimento da súa finalidade.
2. Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - a) Certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en

cumprimento do disposto no artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter subvencións contempladas no artigo 10 da mesma Lei 9/2007.

3. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos do Instituto Enerxético de Galicia co gallo de supervisar o cumprimento do obxecto do convenio.

4. Comunicar ao Instituto Enerxético de Galicia a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.

5. Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto das obrigas que teñen que cumprir os beneficiarios.

6. Achegar os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser esixidos polo Instituto Enerxético de Galicia.

7. Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007.

8. Destinar o investimento ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da lei 9/2007, fixándose a estes efectos un período de afección que se corresponde coa vida útil da instalacións, e cun mínimo de cinco anos.

9. Facer constar expresamente a colaboración prestada polo Instituto Enerxético de Galicia na información e publicidade das actuacións obxecto do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo acompañado do logotipo da Xunta de Galicia.

Durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento, o beneficiario informará ao público do apoio obtido do Inega e da Xunta de Galicia colocando un cartel con información sobre o proxecto (de un tamaño mínimo A3) no que se mencionará a axuda financeira do Inega, nun lugar ben visible para o público .

9. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a que se atopen

vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para ao cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

10. En xeral, todas aquelas actividades que baixo a supervisión da Comisión Mixta de Seguimento do convenio, sexan necesarias para a correcta execución das accións previstas.

Poderán producirse cambios nas actividades contempladas neste convenio, que supoñan algunha modificación da programación inicial prevista. As propostas procederán do Inega ou do Concello de Mondoñedo, e serán tratadas na Comisión Mixta de Seguimento que se regula na cláusula décimo terceira deste documento. En todo caso, sempre se terá en conta a finalidade para a que se asina este convenio.

Quinta. Compromisos do Inega

Contribuír economicamente ó desenvolvemento do proxecto coa cantidade máxima de 28.000 euros.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1. A achega feita polo Inega traspasarase ao Concello de Mondoñedo en dous pagamentos a realizar do seguinte xeito:

a. Un primeiro pagamento, de 5.000 euros, antes do 31 de decembro de 2020, previa xustificación do inicio dos traballos consistentes en: estudo previo do estado minicentral e chorreado e lixado in situ, con area, da maquinaria existente que non se pode desplazar.

b. Un segundo pagamento, de 23.000 euros, antes do 15 de decembro de 2021, unha vez rematado o proxecto de recuperación da maquinaria da minicentral hidroeléctrica do río Tronceda que figura no anexo I.

Será de aplicación o disposto no Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan ás especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

2. Concretamente, a xustificación da subvención por parte do beneficiario, realizarase mediante a achega, ó remate dos traballos, da seguinte documentación:

a. Unha certificación expedida pola Secretaría da entidade local, con visto e praxe do alcalde ou presidente relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, comó mínimo de forma detallada:

1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes ós gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada ca seguinte relación: identificación do/acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificado da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

b. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na certificación expedida polo secretario da entidade local.

c. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o concello de Mondoñedo.

Así, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 € no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000€ no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo a contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos bens subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude de subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa.

d. Declaración do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. De ser o caso, deberá achegarse copia simple da resolución de concesión desas axudas.

e. Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

f. Acreditación de que o concello cumpriu co deber de render contas ó Consello de Contas .

3. O Instituto Enerxético de Galicia resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, re relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do co convenio.

4. As consecuencias no caso de incumprimento do proxecto serán as seguintes:

- a) Incumprimento total: se o beneficiario xustifica conceptos, partidas e/ou elementos subvencionables aprobados que representen menos do 50 % do importe total do investimento subvencionable, se entenderá que non acadou os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, perderá o dereito de cobramento da subvención.
- b) Incumprimento parcial: se a xustificación é igual ou superior ao 50%, pero sen acadar o 100% do investimento subvencionable, o beneficiario percibirá a subvención proporcional correspondente ao investimento xustificado admisible sempre que cumpra o resto das condicións de concesión e a finalidade ou obxectivos para os que se concedeu a axuda.

Sétima. Concorrenza con outras subvencións pública

Para a execución das actuacións previstas neste convenio poderanse percibir outras axudas, subvencións ou recursos destinados a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais sempre que o conxunto de axudas obtidas non supere o 100% do gasto elixible.

O incumprimento do disposto neste artigo considerarase alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Oitava. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2021.

Novena. Inexistencia de relación laboral

A subscripción deste convenio non supón ningunha relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e o Inega, de tal xeito que non se lle pode esixir á entidade pública ningunha responsabilidade polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Décima. Subcontratación

Para o desenvolvemento das actuacións o Concello de Mondoñedo efectuará as subcontratacións precisas de acordo co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira. Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a sinatura deste convenio, e, en todo caso, a obtención doutras axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Decimo segunda. Reintegro da subvención

Calquera incumprimento do establecido no presente convenio, das obrigas dos beneficiarios que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto a fins distintos dos estipulados neste Convenio, darán lugar á resolución convenio, coa obriga de reintegro parcial ou total das cantidades percibidas ata o momento tal e como establece o artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

Decimo terceira. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar a correcta execución deste convenio constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento, que estará composta por dous representante do Inega, actuando un deles como Presidente e outro como Secretario e dous representantes do Concello de Mondoñedo.

Son funcións da Comisión as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do convenio
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas a petición de calquera das partes asinantes.

Décimo cuarta. Protección de datos

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos, concretamente o que establece na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinta. Publicidade

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior o Concello de Mondoñedo consinte expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo sexta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio procedendo o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

En especial, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- Mutuo acordo entre as partes.
- A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

Decimo sétima. Natureza e Réxime Xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e o Concello de Mondoñedo, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerase polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; pola Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións públicas e o resto da normativa de aplicación.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

O director do Instituto Enerxético de Galicia

O alcalde-presidente do Concello de Mondoñedo.

[Redacted signature]

[Redacted signature]

ANEXO I

**ORZAMENTO DAS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MONDOÑEDO E O INEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA MAQUINARIA DA MINICENTRAL HIDROELÉCTRICA DO RÍO TRONCEDA
(EXERCICIO 2020-2021)**

Unha distribución aproximada do orzamento das actuacións a desenvolver dentro do convenio de colaboración entre o Concello de Mondoñedo e Inega é a seguinte:

PARTIDA	Cantidade	Conceptos	Prezo unit	Prezo total
		RECUPERACIÓN DE MAQUINARIA DA MINICENTRAL		
01	1,00	ESTUDIO PREVIO DO ESTADO DA MINICENTRAL Realizar traballos de estudo previo do estado da minicentral. Toma de datos para valorar o estado dos componentes existentes e deseñar a restauración intentando manter o máximo o existente	1,00	962,23
02	1,00	CHORREADO e LIXADO IN SITU CON AREA DA MAQUINARIA EXISTENTE Chorroado in-situ con area da maquinaria existente que non pode ser trasladada a taller	1,00	3.170,01
03	1,00	PINTADO CON IMPRIMACIÓN DAS PEZAS QUE NON SE TRASLADAN Pintado con imprimación da maquinaria existente que non pode ser trasladada a taller evitando a súa oxidación	1,00	1.250,00
04	1,00	DESMONTAXE E TRASLADO PARA RESTAURACIÓN DOS COMPONENTES Desmontaxe traslado e posterior restauración dos diferentes compoñentes da central todos aqueles que permitan ser restaurados fora da instalación da minicentral para a súa mellor recuperación	1,00	1.000,00
05	1,00	PINTADO DAS PEZAS COAS CORES ORIXINAIS Pintado da maquinaria existente coas cores orixinais	1,00	1.487,00
06	1,00	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA IGUAL A ORIXINAL/TRASLADO DOUTRA MAQUINARIA A ESTA MINICENTRAL Adquisición/traslado de maquinaria que resulta recuperable igual a orixinal, recuperandoa coas mesmas indicacións que as pezas existentes resultando precisa para completar a instalación e ampliar o valor museístico da minicentral	1,00	3.260,00
07	1,00	FABRICACIÓN DE ELEMENTOS ELECTRÍCOS Fabricación e montaxe de todos os elementos eléctricos necesarios para restaurar os cadros de mendo incluída a pedra de marmore, seccionadores etc...	1,00	4.315,53
08	1,00	FABRICACIÓN DE ELEMENTOS MECÁNICOS Fabricación e montaxe de todos os elementos mecánicos necesarios para dotar dun aspecto real de operatividade a maquinaria existente. Con unha importante cantidade de man de obra posto que require da fabricación de pezas a medida no torno	1,00	3.451,95
09	1,00	RESTAURACIÓN DOS COMPONENTES TRASLADADOS A TALLER Restauración dos diferentes compoñentes da central trasladados a taller para a súa mellor recuperación	1,00	1.850,55

10	1,00	INSTALACIÓN IN SITU E POSTA EN MARCHA DA MAQUINARIA Instalación in situ e posta en funcionamento de parte da maquinaria a modo recreación didáctica da mesma	1,00	1.815,11
11	1,00	AMBIENTACIÓN CON ELEMENTOS DE ÉPOCA Ambientación con elementos de época carteis, notas de traballo, lámpadas, elementos orixinais da época para conseguir unha completa recreación dunha minicentral	1,00	578,12
		TOTAL RECUPERACIÓN DE MAQUINARIA		23.140,50

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL

23.140,50

IVA (21%):

4.859,50

TOTAL PRESUPUESTO DE CONTRATA:

28.000,00